No que se observa o peso comparativo dos tramos máis altos de sesións nos nenos que levan máis tempo na unidade e que corresponden a problemáticas máis graves

**Sesións de orientación.** O Deza realizou 29 (27 en 2013) sesións de orientación por 126 no caso do Salnés (por 105 no 2013). O que marca tamén unha tendencia diferencial na actividade de ambas as dúas unidades que na avaliación explícase polo desbordamento da demanda na comarca do Salnés. Na comarca do Salnés (case 6000 nenos na franxa 0-6) os recursos son insuficientes para dar resposta á demanda existente. Cubrir a demanda potencial no conxunto do Salnés requiriría dobrar os dispositivos existentes. A estratexia de resposta da UDIAF a esta insuficiencia diríxese por unha banda a tratar de limitar os fluxos de acceso e, por outra, a recoller e dar solución temporal ás demandas máis graves mediante sesións de orientación.

**Táboa 36**

**Indicador: sesións de orientación**

UDIAF		Reconto	Porcentaxe
Deza	Total	29	100,0
Salnés	Total	126	100,0

UDIAF = DEZA & SALNES Comparativa sesións orientación 2014

**Coordinación de casos.** O equipo do Deza completou 249 actuacións de coordinación (313 en 2013, 233 en 2012 e 226 en 2011) correspondentes a 95 entrevistas e 150 accións. No caso do Salnés foron 236 (187 en 2013, 187 en 2012 e 166 no 2011) correspondentes a 84 entrevistas e 152 accións.

No 43,4 (53) dos casos do Deza e no 59 % (77) do Salnés os equipos realizaron algunha acción de coordinación de casos con outras entidades, un 4,69 de media no Deza e 3,06 no Salnés. O que implica un cambio significativo e favorable nas unidades.

**Táboa 37**

**Indicador: Medias de sesións de coordinación**

		2010	2011	2012	2013	2014
DEZA	Media	2,01	2,01	2,16	2,35	4,69
SALNES	Media	1,27	1,24	1,38	1,44	3,06

UDIAF = DEZA & SALNES Comparativa sesións coordinación 2010-2014/casos atendidos

**Altas.** 59 casos dos 122 do Deza (48,4%) e 65 dos 128 do Salnés (50,8%) foron alta nas unidades, segundo a seguinte distribución.

**Táboa 38**

**Indicador: Motivos de alta/casos totais**

UDIAF		Frecuencia 2011	Porcentaxe 2011	Frecuencia 2012	Porcentaxe 2012	Frecuencia 2013	Porcentaxe 2013	Frecuencia 2014	Porcentaxe 2014
DEZA	Outros			1	0,9	15	11,3	7	5,7
	Voluntaria	5	4,5	3	2,7	4	3,03	5	4,1
	Derivación	2	1,8		0	0	0		
	Inasistencia	7	6,3	2	1,8	3	2,2	5	4,1
	Idade	1	0,9	3	2,7	0	0	2	1,6
	Obxectivos	18	16,1	14	12,7	41	31,0	44	36,1
	Total	31	29,5	23	20,9	63	47,7	59	48,4
SALNES						11	9,0	1	0,8
	Voluntaria	4	3,0	2	1,6	4	3,3	5	3,9
	Derivación	7	5,3	4	3,2	2	1,6		
	Inasistencia	3	2,3	5	4,0	1	0,8	5	3,9
	Idade	15	11,3	22	17,7	9	7,4	19	14,8
	Obxectivos	18	13,5	33	26,6	18	14,8	33	25,8
	Total	59	36,8	68	54,8	45	37,19	65	50,8

UDIAF = DEZA & SALNES Comparativa motivos alta 2011-2013 sobre total de casos atendidos

**Táboa 39**

**Indicador: Motivos de alta/casos de alta**

UDIAF		Frecuencia 2014	Porcentaxe 2014
DEZA	Outros	7	11,8
	Alta voluntaria	5	8,4
	Derivación	0	0,0
	Falta de asistencia	5	8,4
	Idade	2	3,3
	Obxectivos logrados	44	74,5
	Total	59	
SALNES	Outros	1	1,5
	Alta voluntaria	5	7,6
	Derivación	0	0,0
	Falta de asistencia	5	7,6
	Idade	19	29,2
	Obxectivos logrados	33	50,7
	Total	65	

UDIAF = DEZA & SALNES Comparativa motivos alta 2014 sobre total de casos de alta

O que sinalaría a progresión da fidelización e do cumprimento de obxectivos por parte das unidades, xa que logo a suma de obxectivos e idade sitúase no entorno do 80%.

### c) AS ACTUACIÓNS DAS UDIAFS –P. COMUNITARIAS E DE CALIDADE.

Refírese ao rexistro das sesións de traballo co coordinador da AGAT, ás sesións de traballo interno do equipo interdisciplinario, actuacións de coordinación externa no traballo de casos, de formación continua, sensibilización ou investigación

#### □ **Unidade do Deza.**

Prestacións comunitarias e calidade: 32,4/mes

**Táboa 40**

UDIAF DEZA	2010	2011	2012	2013	2014
Nº de sesións de coordinación AGAT	1	1	1	1	0,5
Nº de sesións de equipo interdisciplinario	7,8	7,8	8	7,6	9
Nº de actuacións coordinación comunitaria	2,9	12,53	17	26,0	20,7
Nº de actuacións de supervisión/formación	0,9	0,3	0,3	0,3	0,6
Nº de actuacións de sensibilización	0,7	0,7	0,2	0,2	1
Total	13,3	22,33	26,5	34,1	32,4

#### □ **Unidade do Salnés**

Prestacións comunitarias e calidade: 27,8/mes

**Táboa 41**

UDIAF SALNES	2010	2011	2012	2013	2014
Nº de sesións de coordinación/supervisión	1	1	1	1	0,5
Nº de sesións de equipo interdisciplinario	7,7	7,7	7	8	7,25
Nº de actuacións coordinación comunitaria	5,9	5,9	14	15,5	19,6
Nº de actuacións de supervisión/formación	0,9	0,3	0,3	0,3	0,4
Nº de actuacións de sensibilización	1,0	1,0	0,2	0,2	0,1
Total	16,5	15,90	22,5	25	27,8

## **\* Detalle das actividades de formación continua e coordinación**

### **Xaneiro – Decembro**

Módulo de coordinación e formación continua. Actividades comúns de coordinación e seminario online de discusión de casos. Supervisión e orientación das actividades de implantación das unidades e dos casos atendidos por parte do coordinador das UDIAF. Realízase vía telefónica, correo electrónico ou videograbacións previo consentimento informado das familias.

### **Xaneiro**

Seminario de avaliación. Realizado o 31 de xaneiro de 2014, na UDIAF do Deza en Lalín, coa participación dos equipos técnicos do Deza e do Salnés e cunha duración de 8 horas. Obxecto: avaliación da actividade asistencial 2013, das enquisas de familias e análise estatístico da casuística; preparación do plan de actividades 2013. Dirixido por Dr. J. Ponte, coordinador das UDIAF.

Seminario de supervisión. Realizado o 18 de febreiro de 2014, en Santiago, coa participación da Logopeda do equipo técnico do Deza e cunha duración de 4 horas. Obxecto: supervisión de casos graves con trastornos de comunicación, observación e análise de videograbacións, Dirixido polo Dr. J. Ponte, coordinador das UDIAF.

### **Marzo**

12-03-2014: Reunión Santiago Subdirección Xeral Promoción Autonomía, posibles localizacións nova UDIAF . Dr. J. Ponte, coordinador das UDIAF

18-03-2014 Reunión A Estrada, a demanda do Concello para estudar posible extensión UDIAF. Dr. J. Ponte, coordinador das UDIAF.

25-03-2014 Visita a Carballo, reunión Concello e posible localización da UDIAF Bergantiños en Carballo. Dr. J. Ponte, coordinador das UDIAF

### **Abril**

23-04-2014 Visita a Carballo, reunión Concello respecto do convenio de cesión da UDIAF Bergantiños en Carballo. Dr. J. Ponte, coordinador das UDIAF.

Preparación do proxecto UDIAF Bergantiños, estudio de necesidades, deseño de salas da nova unidade. Dr. J. Ponte, coordinador UDIAFS.

### **Maiο**

24-05-2014 Convocatoria de prazas de coordinador/a, psicomotricista e logopeda para a nova Unidade de Desenvolvemento Infantil e Apoio Familiar de Bergantiños. A tempo parcial. Ampliable en función da renovación do convenio coa Xunta de Galicia. Tempo límite de presentación de convocatorias 4 de xuño.

26-05-2014 Desprazamento a Carballo, reunión Concello respecto do convenio de cesión da UDIAF Bergantiños en Carballo, papel de outras asociacións de familias a solicitude do concello, exposición de previsións do proxecto asistencial e das obras de acondicionamento do local sito en R/Ambulatorio s/Carballo. Dna Teresa Busto, Presidenta AGAT. Dr. J. Ponte, coordinador das UDIAF.

Solicitude de mobiliario de oficina, mesas e cadeiras de despacho en réxime de cesión á Xunta de Galicia.

28-05-2014 Desprazamento a Carballo, reunión coas asociacións Aloumiños e Aspaber. Dna. Teresa Busto. Presidenta AGAT.

### **Xuño**

26-06-2014 Proceso de selección do coordinador/a, psicomotricista e logopeda para a nova Unidade de Desenvolvemento Infantil e Apoio Familiar de Bergantiños. EGAP de Santiago.

Desprazamentos a Carballo, novas reunións Concello respecto do convenio de cesión da UDIAF Bergantiños en Carballo, papel de outras asociacións de familias a solicitude do concello, exposición de previsións do proxecto asistencial e das obras de acondicionamento do local sito en R/Ambulatorio s/ Carballo.

16-06-2014. Selección de mobiliario de oficina, mesas e cadeiras de despacho en réxime de cesión á Xunta de Galicia – Nave de Bastavales.

18-06-2014 Desprazamento Ribadumia. Demanda orientación posible programa detección precoz concello.

### **Xullo**

01/07 Sesión de formación. Realizada o 1 de xullo de 2014, en Vilagarcía, coa participación dos equipos das UDIAF do Deza e do Salnes cunha duración de 8 horas. Obxecto: preparación e presentación de informes. Dirixida polo Dr. J. Ponte, coordinador das UDIAF.

### **Setembro**

08/09 Sesión de formación/titoría equipo UDIAF Bergantiños, cunha duración de 8 horas. Obxecto: preparación da UDIAF. Dirixido polo Dr. J. Ponte, coordinador das UDIAF.

12/09 Desprazamento a Carballo, sesión de coordinación comarca.

15/09 Desprazamento a Carballo, sesión coordinación comarca.

29/09 Sesión de formación/titoría equipo UDIAF Bergantiños, cunha duración de 8 horas. Obxecto: preparación da UDIAF. Dirixido polo Dr. J. Ponte, coordinador das UDIAF 20/08 Desprazamento a Carballo, recepción mobiliario, entrevista concello Carballo.

### **Outubro**

06/10 Sesión de formación/titoría equipo UDIAF Bergantiños, cunha duración de 8 horas. Lugar: Carballo. Obxecto: preparación do equipo da UDIAF. Dirixido polo Dr. J. Ponte, coordinador das UDIAF.

27/10 Sesión de formación/titoría equipo UDIAF Bergantiños, cunha duración de 8 horas. Lugar: Carballo. Obxecto: preparación do equipo da UDIAF. Dirixido polo Dr. J. Ponte, coordinador das UDIAF.

## **Novembro**

03/11 Inauguración UDIAF Bergantiños

11/11 Reunión en Lalín a instancias do Concello para reunión con familias de nenos maiores de 6 anos 02/2012

## **Decembro**

2/12 Sesión de formación/titoría UDIAF Bergantiños. Dirixida pola Coordinadora da UDIAF Salnés G. Martínez.

05/12 Sesión de formación/supervisión UDIAF Deza. Estudio de casos coa participación do equipo da UDIAF Deza. Dirixido polo Dr. J. Ponte. Coordinador das UDIAF.

### **\* Listaxes de espera**

Dende o punto de vista cualitativo, en canto ao análise da calidade asistencial e a presión asistencial que soportan as dúas unidades, durante o ano 2014 as listas de espera normalizáronse nas dúas unidades.

**Táboa 42**

#### **Indicador: Lista de espera**

UDIAF	Categoría	Inicial	Final	Desviación.
DEZA	Total	1	1	0
SALNES	Total	8	6	-2

UDIAF = DEZA & SALNES

## **d) AVALIACIÓN DE ESTRUCTURAS E SOPORTES**

### **Infraestrutura das unidades**

O local do Salnés presenta problemas funcionais derivados do feito de compartir o uso da sala de psicomotricidade e a de logopedia no Centro Sociocomunitario de Vilagarcía o que obriga a perder tempo frecuentemente no montaxe/desmontaxe da sala. As instalacións seguen a necesitar unha renovación, hai goteiras na sala de consulta dende decembro de 2013. Aínda que se fixéronse algunhas reformas no vran de 2014 a sala segue sen estar ben acondicionada e hai goteiras ocasionais

O local Deza está ben acondicionado e sen problemas de accesibilidade nin de tipo ambiental.

O local da UDIAF Bergantiños está perfectamente acondicionado. Consta de sala de espera, sala de acollida da coordinadora, sala de reunións, sala de logopedia, sala de xogo e sala de psicomotricidade. Unha sala adicional está cedida transitoriamente á Asociación Aloumiños, por indicación do Concello de Carballo, propietario do local.

### **Soportes e procedementos**

Durante 2014 continuou o proceso de implantación da aplicación informática (Aplicación SIAT) para a xestión de caso, fixéronse modificacións referidas ao rexistro de actuacións, historia documental e prestacións comunitarias. O funcionamento do aplicativo non tivo incidencias de mención, destacando a solidez de sistema. Solucionándose tamén nas columnas de datos visibles da listaxe de expedientes, a posibilidade de elección do coidador principal que aparece na columna de datos.

## **e) INVESTIGACIÓN**

Ao longo do ano 2014 iníciase o proceso de estudio da tipoloxía de casos conforme á Organización Diagnóstica en Atención Temperá. Os resultado deste estudo cuxos ofrécese no apartado 10, con tódolos casos atendidos entre 2009 e 2014. O análise e discusión atópase en proceso de avaliación e publicación nunha revista especializada.



## 8. GLOSARIO DOS CÓDIGOS

### PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS

- ca: Consulta de acollida.** Para recibir as demandas personalizadas nas UDIAF. Cada consulta consiste como mínimo de dúas sesións, unha de acollida da familia e das súas demandas e outra de observación do neno. Trátase dunha intervención chave e de longa duración tendo en conta o tempo necesario para a escoita a observación, o análise e a transcripción. Cada sesión ten un tempo medio de 1 1/2 -2 h.
- dx: Sesión de diagnóstico.** Para estudar, avaliar e orientar as prestacións personalizadas das UDIAF. Tempo medio 1 hora incluíndo o rexistro.
- ap: Sesión de apoio.** Para realizar apoios complexos dentro das prestacións personalizadas propios das UDIAF. Rexistrar tódalas actuacións realizadas co neno e coa familia en sesións de 1 hora incluíndo nestes tempos á devolución ás familias e os tempos de transcripción para o rexistro de evolución e procesos
- or: Sesión de orientación ou seguimento.** Para realizar apoios sinxelos, de asesoramento, orientación ou seguimentos dentro das prestacións personalizadas propias das UDIAF, mediante actuacións previas ou posteriores á intervención na propia UDIAF. Tempo medio 1 hora incluíndo o rexistro.
- ec: Entrevista de coordinación.** Para realizar entrevistas presenciais de coordinación con outros recursos dentro das prestacións personalizadas das UDIAF. Incluíndo tamén aquelas entrevistas telefónicas que poidan superar os 30 minutos de duración.
- ac: Acción de coordinación:** Para realizar actividades non presenciais de coordinación con outros recursos dentro das prestacións personalizadas das UDIAF e en todo caso dunha duración inferior aos trinta minutos
- gf: Grupo de familias:** Para conducir as actividades dos grupos de familias dentro das prestacións personalizadas das UDIAF
- inf: Informes e outras:** Toda actuación que implica a emisión de información escrita sobre o curso da intervención na que se especifican aspectos de valoración ou intervención, por exemplo informes de devolución, informes para as familias, PIATS, etc. Actuacións de corrección de probas, transcripción de sesións e consultas de acollida, elaboración de materiais, preparación das sesións, revisión de casos, elaboración de PIATS ou revisións para elaborar informes, cando precisan dun tempo suplementario ao ordinario.

## PRESTACIÓNS COMUNITARIAS E DE CALIDADE

**entidade:** Breve descrición da entidade de contacto.

**categoría** (á que pertence a entidade): segundo tipoloxía preestablecida.

**código postal:** do concello de referencia onde se localiza a entidade. No caso de AGAT, ou entidades externas á comarca do Deza, este apartado cóbrese con “0”

**coordinación AGAT:** sesións de avaliación, formación, revisión casos, accións de coordinación telefónica, ...

**sesión de equipo:** nº de sesións mensuais de reunión de equipo.

**nº de casos tratados equipo:** =

**actividades de formación continua:** = asistencia dos profesionais a actividades de formación organizadas polas unidades ou conveniadas, permisos de formación, avaliacións, xestión de procesos ...

**ent. coordinación:** =

**acción coordinación:** =

**proxección social e comunitaria:** actividades globais de sensibilización social.

## CÓDIGOS DE REXISTRO DE SESIÓNS DE APOIO

Para as carpetas de expedientes


- **N**: Sesión de apoio individual con el niño
- **F**: Sesión de apoio con la familia
- **X**: Faltas xustificadas
- **SX**: Falta sen xustificar
- **A**: Anulación de sesión

## 9. A SATISFACCIÓN DAS FAMILIAS<sup>6</sup>

### Satisfacción das familias coa UDIAF do Deza 2014

Gráfico 5

Enquisa avaliada por 51 familias



Táboa 43

#### Satisfacción das familias coa UDIAF do Deza

##### Infraestruturas e accesibilidade

	2010	2011	2012	2013	2014
1. Estado das instalacións	4,52	4,3	4,44	4,43	4,57
2. Accesibilidade e horarios	4,52	4,1	4,47	4,49	4,73

##### Acollida e satisfacción

	2010	2011	2012	2013	2014
3. Acollida recibida	4,8	4,7	4,89	4,94	4,96
4. Posibilidade de falar das nosas preocupacións e ser escoitados	4,8	4,7	4,92	4,94	4,98
5. Accesibilidade e dispoñibilidade dos profesionais	4,6	4,5	4,70	4,76	4,84
6. Satisfacción coa información, atención e orientacións que recibimos	4,7	4,5	4,78	4,74	4,92
7. Coordinación e colaboración da UDIAF con outros recursos servizos	4,6	4,4	4,47	4,72	4,71
8. Confianza nos profesionais da UDIAF	4,8	4,7	4,92	4,86	4,90
9. Grao de satisfacción global	4,6	4,4	4,75	4,80	4,88

UDIAF O Deza- Comparativa 2010-2014

<sup>6</sup> Puntuación 1-5

## **O MELLOR DA UDIAF**

Localización e instalacións, aparcamento.

O personal que traballa ahí. A atención, dedicación e trato son excelentes. E a súa preocupación polos nenos e as súas familias é máxima.

O trato familiar e axuda prestada.

Os profesionais.

A flexibilidade que ten nos horarios.

A logopeda.

A atención persoal dos profesionais.

A atención que che prestan.

As persoas que a atenden.

Saben escoitar e dar solucións.

A axuda que nos aporta.

El apoyo.

Os profesionais.

Atención, adaptación, profesionalidade.

A amabilidade e a cercanía das traballadoras.

Os seus profesionais.

As profesoras.

O trato e a profesionalidade cos nenos.

A profesional que nos axuda co noso fillo.

El personal.

La profesionalidad con que se atiende a las familias.

A gran atención connosco.

Ser un servicio gratuito e contar con bos profesionais.

A atención do persoal.

A calidade profesional e atención do persoal.

Persoal.

Os profesionais.

Os profesionais.

O bo trato- horarios e a puntualidade.

Todo.

La buena atención y profesionalismo.

A amabilidade dos traballadores.

Todo.

A atención non só cos nenos, senón cos pais tamén.

A Xente e o bo trato.

A amabilidade.

La atención que brinda a mi hijo.

Podar satisfacer a dudas dos pais.

A atención personalizada é o trato.

Os profesionais e o metodo de traballo.

O trato recibido.

Os profesionais.

A atención recibida.

Os profesionais.

O trato co neno e coas familias é o bo profesionais que son.

## **O PEOR DA UDIAF**

Que nos topamos coa nosa realidade e no la fan ver de un golpe (risas).

Nada.

Nada.

Non teño ningunha.

Que hai demasiada lista de espera.

Que está algo lonxe da cidade.

Que solo sea dirixido a los peques.

Non despoñer de mais medios.

Que so poida ser ata os 6 anos.

Que non exista este servizo en máis puntos da Comunidade, para que puideran facer uso del máis nenos.

O horario, que están as veces saturados, e non poder ir a tarde, por exemplo.

Situación, lo ideal sería en el centro.

Nada.

Pouco tempo cos alumnos.

O pouco tempo que é.

Poucos profesionais e polo tanto poucas horas para cada neno.

A espera.

Nada.

Dispoñer de máis horas para ter máis sesións cons nosos fillos.

A larga lista de espera.

## **SUXERENCIAS, OPINIÓNS, RECOMENDACIÓNS**

E un servizo útil o cal debería de manterse sempre activo e darse máis a coñecer.

Tiña que haber máis servizos coma este.

Agradecer a existencia dun dervizo de gran calidade, gratuito e a amabilidade de todo o persoal co que tratamos.

Debería ter máis destes centros, en Galicia e España. Este sistema é un exemplo a seguir. MOITAS GRAZAS.

Quedei encantada ca axuda que me prestaron e como me escoitan.

Por nuestra parte estamos muy agradecidos, ojala se extendieran para los más mayores.

Continuar como ata agora. Facedes felices a familias (sobre todo ós nenos). Sodes uns “corazóns con patas”.

Gracias. Ledos de ser axudados por vós.

Que se necesita máis servizos y dar máis apoio os nenos que o necesitan.

Solo teño boas palabras para definir esta asociación. Non sólo nos axudaron a noso fillo senón que a nos tamén a ver as cousas de outra maneira sin agobios, nin cousas que antes para nos eran impensables. Solo teño que dar “GRACIAS”.

En cuanto al tratamiento y evolución que tuvimos tanto el niño como la madre fue enriquecedora y para mejor, estoy muy contenta con los resultados.

Muy contenta por todo. O único non poder levala a tarde por falta de profesionais. SUPONHO. A mañan ser algo difícil, pero o demais moi ben.

No existen.

Funciona ben, ten pouco personal pa moitos nenos que teñen problemas.

Ojala houbera mais traballadores para así non haber tanta lista de espera. Gracias.

Estou moi contenta, gracias a UDIAF a miña nena está mellorando e espero que a UDIAF siga estando ahí.

Todo es muy favorable para mi, lo veo estupendo, mi hijo a tenido muy buenos resultados. Gracias. Estamos

Felices con ----- . Te queremos.


Gustaríame que aumentaran os profesionais e así atender mellor os nenos e dedicarlle máis tempo. Pareceme que hai nenos que necesitarían máis dunha sesión por semana, e así non dar baixas “INXUSTIFICADAS”.

Estamos moi satisfeitos sobre todo co trato coa familia e cos nenos e destacamos a boa profesionalidade das personas que traballan aquí, que se reflexa na aprendizaxe dos nosos fillos. E un servizo moi bo para as familias. Gracias a vostedes por axudarnos.

## Satisfacción das familias coa UDIAF do Salnés 2014

Gráfico 6

Enquisa avaliada por 42 familias



Táboa 44

Satisfacción das familias coa UDIAF do Salnés

Infraestruturas e accesibilidade

	2010	2011	2012	2013	2014
1. Estado das instalacións	3,6	3,5	3,69	3,45	3,71
2. Accesibilidade e horarios	4,1	3,9	4,40	4,25	4,37

Acollida e satisfacción

	2010	2011	2012	2013	2014
3. Acollida recibida	4,7	4,8	4,86	4,93	4,98
4. Posibilidade de falar das nosas preocupacións e ser escoitados	4,8	4,6	4,83	4,88	4,90
5. Accesibilidade e dispoñibilidade dos profesionais	4,6	4,5	4,78	4,83	4,71
6. Satisfacción coa información, atención e orientacións que recibimos	4,6	4,5	4,69	4,70	4,76
7. Coordinación e colaboración da UDIAF con outros recursos e servizos	4,3	4,4	4,43	4,58	4,63
8. Confianza nos profesionais da UDIAF	4,8	4,6	4,79	4,85	4,88
9. Grao de satisfacción global	4,6	4,4	4,74	4,68	4,76

UDIAF O Salnés Comparativa 2010-2014

## **O MELLOR DA UDIAF**

O espazo amplo e os materiais de traballo.

A atención e o trato coa familia (trato cercano, amable, etc) e os rapaces, o meu polo menos vai encantado.

El personal

La buena acogida y profesionalidad.

Trato personal

La terapeuta .....

A atención.

A profesional.....

A profe ..... e moi boa.

Que o neno tira pa diante e notase o cambio.

As profesionais.

A sua atención personalizada.

Trato das profesionais.

O personal que nos atende.

Todo en general.

El trato y su profesionalidad.

Os profesionais que traballan en el.

A atención os nenos.

Que formamos un equipo para mellorar calidade e desenvolvemento do noso fillo.

A oportunidade de mellorar.

Las trabajadoras.

La ayuda.

As profesionais.

A axuda psicolóxica que se recibe.

Atención e dedicación a cada neno.

A boa acollida e trato os nenos.

Te reciben y tratan familiarmente.

O seu persoal

Profesionalidade.

As profesionais que imparten as clases.

Sus profesionales

A atención prestada. A profesionalidade dos traballadores.

Todo en general.

Os seus profesionais

O traballo que realizan cos nenos.

O trato e comunicación dos profesionais.

O personal

## **O PEOR DA UDIAF**

Que non teñan horario de tarde.

Pouco tempo e días.

Las instalaciones.

Instalacions.

Las instalaciones.

O horario.

Non ten nada malo.

As instalacions.

A falta de medios.

Horarios.

Instalacions, xoguetes, contos.

Nada de momento.

Que non traballan pola tarde.

Poucas intervencións.

El sitio.

As instalacions.

Os horarios.

En algúns casos falta de tempo para mais sesións (por causa de ter moitos nenos e poucos profesionais).

No tengo quejas.

Non temos queixa.

As instalacions.

A nosa opinión e que 45 minutos a semana parecenos insuficientes para tratar o neno.

A falta de infraestructuras.

## **SUXERENCIAS, QUEIXAS, OPINIÓNS**

Que no deberían estar los niños con las personas mayores. Las instalaciones deberían estar mas adecuadas para los niños.

Que dispusiesen de mas medios para atender a los niños, para atenderlos mas tiempo si fuese necesario.

Para min todo está ben.

Deberían mellorar as instalacions e adecualas as necesidades dos nenos. Renovar os xoguetes, contos, etc. O servizo prestado e bo pero seria moito mellor se se poidese mellorar o anteriormente exposto. Espero que se poida conseguir pois os nenos e os profesionais que aqui traballan ben o merecen.

Que teñan horarios de tarde para que os pais non perdan horas de traballo.

Mais intervencions. Podían mandar mais personal para satisfacelas.

Grazas.

Mais profesionais que presten servicio os nenos.

No caso dalguns nenos gustariame que se ampliase un ano mais a asistencia as clases de Udiaf. Tamén coido que seria bo que durasen 60 minutos cada sesión.



## 10. PERFÍS DIAGNÓSTICOS

Ao longo de 2014 analizamos polo miúdo os datos de perfil diagnóstico de 2009 a 2013 dos 441 casos de nenos de 0 a 6 anos atendidos nas UDIAFS do Deza e do Salnés<sup>7</sup>. Nesta memoria aportamos os datos globais clasificados segundo os eixes IV a VI da Organización Diagnóstica en Atención Temperá. Os casos foron clasificados en función da semellanza do seu perfil sintomático/diagnóstico e non en base a etiquetar un “trastorno”.

**Táboa 45. Trastornos no desenvolvemento motor**

TRASTORNOS NO D. MOTOR	Frecuencia	%Agrupado	% Deza	% Salnés
Sen trastornos	412	93,4	93,9	93,1
4.a Trastornos no d. motor	1	0,2	0,0	0,4
4.a.a Parálise cerebral infantil	11	2,5	3,6	1,8
4.a.b Trastorno de orixe espinal.	2	0,5	0,6	0,4
4.a.c Trastorno de orixe periférico.	1	0,2	0,0	0,4
4.a.d Trastorno de orixe muscular.	1	0,2	0,0	0,4
4.a.e Trastorno de orixe ósteo-articular	2	0,5	1,2	0,0
4.a.f Trastorno do ton non especificado	10	2,3	0,6	3,3
4.a.g Hábitos e descargas motrices.	1	0,2	0,0	0,4
Con trastornos	29	6,6	6,1	6,9

**Táboa 46. Trastornos no desenvolvemento visual**

TRASTORNOS NO D. VISUAL	Frecuencia	% Agrupado	% Deza	% Salnés
Sen trastornos	401	90,9	93,3	89,5
4.b.c Nenos de baixa visión.	6	1,4	0,6	1,8
4.b.d Nistagmo.	4	0,9	1,2	0,7
4.b.e Estrabismo.	20	4,5	4,8	4,3
4.b.f Defectos de refracción.	10	2,3	0,0	3,6
Con trastornos	40	9,1	6,7	10,5

**Táboa 47. Trastornos no desenvolvemento auditivo**

TRASTORNOS NO D. AUDITIVO	Frecuencia	% Agrupado	% Deza	% Salnés
Sen trastornos	423	95,9	98,2	94,6
4.c.d Hipoacusia leve.	8	1,8	0,6	2,5
4.c.e Hipoacusia moderada.	4	0,9	0,6	1,1
4.c.f Hipoacusia grave ou severa.	4	0,9	0,6	1,1
4.c.g Hipoacusia profunda.	2	0,5	0,0	0,7
Con trastornos	18	4,1	1,8	5,4

<sup>7</sup> Os datos completos deste análise están en proceso de avaliación para a súa publicación nunha revista especializada.

**Táboa 48. Trastornos no desenvolvemento psicomotor**

TRASTORNOS NO D. PSICOMOTOR	Frecuencia	% Agrupado	% Deza	% Salnés
Sen trastornos	404	91,6	90,3	92,4
4.d.i Trastornos do control respiratorio	1	0,2	0,0	0,4
4.d.a Retraso psicomotor simple.	16	3,6	3,6	3,6
4.d.b Trastornos da coordinación dinámica	17	3,9	4,2	3,6
4.d.d Trastornos da coordinación visomotora	1	0,2	0,6	0
4.d.e Trastornos da estruturación espacial	1	0,2	0,6	0
4.d.f Trastornos da organización temporal	1	0,2	0,6	0
Con trastornos	37	8,4	9,7	7,6

**Táboa 49. Trastornos por retraso evolutivo**

TRASTORNOS POR RETRASO EVOLUTIVO	Frecuencia	% Agrupado	% Deza	% Salnés
Sen trastornos	377	85,5	95,8	79,3
4.e.a Retraso evolutivo leve.	30	6,8	3,0	9,1
4.e.b Retraso evolutivo moderado.	21	4,8	1,2	6,9
4.e.c Retraso evolutivo grave.	10	2,3	0,0	3,6
4.e.d Retraso evolutivo profundo.	2	0,5	0,0	0,7
4.e.e Retraso evolutivo non especificado	1	0,2	0,0	0,4
Con trastornos	64	14,5	4,2	20,7

**Táboa 50. Trastornos por retraso mental**

TRASTORNOS POR RETRASO MENTAL	Frecuencia	% Agrupado	% Deza	% Salnés
Sen trastornos	427	96,8	94,5	98,2
4.f.a Retraso mental leve.	7	1,6	3,0	0,7
4.f.b Retraso mental moderado	2	0,5	0,6	0,4
4.f.c Retraso mental grave.	2	0,5	1,2	0,0
4.f.d Retraso mental profundo.	1	0,2	0,0	0,4
4.f.f Altas habilidades.	2	0,5	0,6	0,4
Con trastornos	14	3,2	5,5	1,8

**Táboa 51 Trastornos da comunicación e a linguaxe**

TRASTORNOS DA COMUNICACIÓN E DA LINGUAXE	Frecuencia	%Agrupado	% Deza	% Salnés
Sen trastornos	266	60,3	63	58,7
4.g Trastornos no d. da comunicación	3	0,7	1,8	0,0
4.g.a Dislalia.	43	9,8	10,9	9,1
4.g.b Retraso simple da fala.	30	6,8	3,6	8,7
4.g.c Disglosia.	2	0,5	1,2	0,0
4.g.d Disartria.	2	0,5	0,6	0,4
4.g.e Disfemia.	10	2,3	4,8	0,7
4.g.f Retraso simple da linguaxe.	67	15,2	12,7	16,7
4.g.g Disfasia (TEDL o TPDL).	11	2,5	1,2	3,3
4.g.h Afasia infantil conxénita.	6	1,4	0,0	2,2
4.g.j Disfonías.	1	0,2	0,0	0,0
Con trastornos	175	39,7	37	41,3

**Táboa 52. Trastornos psicossomáticos**

TRASTORNOS PSICOSOMÁTICOS	Frecuencia	% Agrupado	% Deza	% Salnés
Sen trastornos	386	87,5	82,4	90,6
4.h.a Afeccións somáticas.	3	0,7	1,2	0,4
4.h.b Trastornos psicofuncionais.	5	1,1	2,4	0,4
4.h.c Enuresis.	14	3,2	5,5	1,8
4.h.d Encopresis.	9	2	0,6	2,9
4.h.e Trastornos da alimentación.	13	2,9	3,0	2,9
4.h.f Trastornos do sono.	8	1,8	3,6	0,7
4.h.g Retraso psicógeno do crecemento	3	0,7	1,2	0,4
Con trastornos	55	12,5	17,6	9,4

**Táboa 53. Trastornos afectivos**

TRASTORNOS AFECTIVOS	Frecuencia	% Agrupado	% Deza	% Salnés
Sen trastornos	356	80,7	78,8	81,9
4.i.e Trastorno mixto da expresividade	3	0,7	1,2	0,4
4.i.a Trastorno por estrés traumático.	1	0,2	0,6	0,0
4.i.b Trastorno por ansiedade na infancia	19	4,3	4,8	4,0
4.i.c Trastorno do estado de ánimo: r. al duelo	6	1,4	0,6	1,8
4.i.d Depresión na infancia.	3	0,7	0,6	0,7
4.i.f Trastorno da identidade xenérica	1	0,2	0,6	0,0
4.i.g Trastorno reactivo ao vínculo.	7	1,6	1,8	1,4
4.i.h Trastorno adaptativo.	38	8,6	9,7	8,0
4.i.i Mutismo selectivo.	6	1,4	1,2	1,4
4.i.k Trastorno disocial.	1	0,2		0,4
Con trastornos	85	19,3	21,2	18,1

**Táboa 54. Trastornos da regulación e o comportamento**

TRASTORNOS DA REGULACIÓN E O COMPORAMENTO	Frecuencia	% Agrupado	% Deza	% Salnés
Sen trastornos	327	74,1	86,7	66,7
4.j.a Hipersensible temeroso-cauto.	11	2,5	0,6	3,6
4.j.b Hipersensible negativo-desafiante.	30	6,8	0,0	10,9
4.j.c Hiporeactivo.	4	0,9	0,0	1,4
4.j.d Desorganizado, motor-impulsivo.	24	5,4	3,0	6,9
4.j.e Outros.	6	1,4	1,2	1,4
4.j.f Trastorno por déficit de atención	1	0,2	0	0,4
4.j.g Trastorno por TDAH, tipo combinado	3	0,7	0	1,1
4.j.h Trastorno por TDAH, tipo déficit de atención	14	3,2	0,6	4,7
4.j.i Trastorno por TDAH, tipo hiperactivo	3	0,7	0,6	0,7
4.j.j Trastorno por TDAH, no especificado	4	0,9	0,6	1,1
4.j.l Trastorno negativista desafiante.	2	0,5	1,2	0
4.j.m Trastorno por comportamento perturbador	12	2,7	5,5	1,1
Con trastornos	114	25,9	13,3	33,3

**Táboa 55. Trastornos do espectro autista**

TRASTORNOS DO ESPECTRO AUTISTA	Frecuencia	% Agrupado	% Deza	% Salnés
Sen trastornos	410	93	95,2	91,7
4.k Trastornos do espectro autista	2	0,5	0	0,7
4.k.a Trastorno multisistémico.	3	0,7	1,8	0
4.k.b Trastorno autista.	9	2,0	1,2	2,5
4.k.d Trastorno desintegrativo infantil.	2	0,5	0,6	0,4
4.k.e Trastorno de Asperger.	3	0,7	0	1,1
4.k.f Trastorno xeralizado do desenvolvemento	12	2,7	1,2	3,6
Con trastornos	31	7,0	4,8	8,3

**Táboa 56. Trastornos da interacción**

TRASTORNOS DA INTERACCIÓN	Frecuencia	% Agrupado	% Deza	% Salnés
Sen trastornos. Relaciones adaptadas	282	63,9	80,6	54,0
5.- Non especificados	8	1,8	4,8	0
5.a.a Relacións inestables.	59	13,4	1,2	20,7
5.a.b Relacións alteradas.	56	12,7	9,1	14,9
5.a.c Relacións deterioradas.	21	4,8	1,8	6,5
5.a.d Graves trastornos da relación	10	2,3	1,8	2,5
5.a.e Relacións negligentes.	5	1,1	0,6	1,4
Trastornos da interacción.	139	36,1	19,4	46
Total	441	100	100	100

**Táboa 57. Tendencias nas relacións**

TENDENCIAS NAS RELACIÓNS	Frecuencia	% Agrupado	% Deza	% Salnés
Tendencias non especificadas	212	51,9	43,1	57,3
5.b.a Tendencia sobreprotectora.	104	23,6	15,8	28,3
5.b.b Tendencia a apatía ou ao descuido	29	6,6	6,1	6,9
5.b.c Tendencia ao rechazo.	13	2,9	0	4,7
5.b.d Tendencia agresivo-dominante.	6	1,4	0	2,2
5.b.e Tendencia ambivalente.	72	16,3	20,6	13,8
5.b.f Tendencia abusiva.	5	1,1	0,6	1,4
Total	441	100	100	100

**Táboa 58. Trastornos do entorno – exclusión social**

TRASTORNOS DO ENTORNO - EXCLUSIÓN SOCIAL	Frecuencia	% Agrupado	% Deza	% Salnés
Sen factores exclusión social	378	85,7	94,5	80,4
6.a.a Ausencia de cuidadores sensibles	35	7,9	5,4	9,4
6.a.b Malos tratos e abusos.	3	0,6	0	0,1
6.a.c Neglixencia.	13	2,9	2,4	0,3
6.a.d Institucionalización prolongada.	14	3,1	0	5,0
6.a.e Permanencia excesiva en gardería ou escola.	17	3,8	0	6,15
6.a.f Hacinamento	2	0,4	0	0,06
6.a.g Chabolismo	1	0,2	0	0,03
6.a.h Violencia e inseguridade ambiental	4	0,8	2,4	0
6.a.k Confluencia de factores de exclusión	15	3,4	3,0	3,6
Con factores exclusión social	63	14,3	5,5	19,6
Total	441	100	100	100

# 11. CONCLUSIONES

## RESULTADOS

- No tocante aos resultados a práctica das UDIAF semella dificilmente mellorable. Novamente, no 2014, as enquisas das familias amosan resultados indicativos dun altísimo grao de satisfacción alcanzando cualificacións próximas a máxima puntuación e superando os datos obtidos en anos anteriores. Trátase dun perfil de excelencia.
- No análise das baixas apréciase un alto grao de fidelización das familias. O índice de baixa voluntaria é inferior ao 5% e o nº de familias que son alta por obxectivos e idade sitúase no 80%.
- As unidades conseguiron un alto grao de estabilidade na xestión, proporcionando apoios a unha media de 120/130 familias ano e conseguindo un alto grao de rotación de casos (ao redor do 40%). Así mesmo é necesario salientar a boa xestión da lista de espera no caso do Salnés, tendo en conta a evidente insuficiencia en recursos do dispositivo con relación á demanda existente e potencial. As UDIAFS pecharon o ano sen lista de espera.
- A estabilidade dos datos da demanda e do nº de familias atendidas, permite simultanear as actividades de prevención secundaria e terciaria cun alto grao de eficacia ofrecendo apoio precoz ás dificultades emerxentes e apoio continuado aos nenos con trastornos evolutivos vinculados a limitacións funcionais ou restricións contextuais graves. O indicador de nº de sesións de apoio anual/caso (14,60 e 18,89) é revelador dese equilibrio e desa eficacia.
- Desde o punto de vista da actividade profesional compre salientar o excelente hábito de coordinación interna tanto cuantitativo (8 sesións mensuais do equipo interdisciplinario) como cualitativo, coa asunción progresiva por todos os profesionais do rol de coordinador de caso, e a mellora dos datos de coordinación externa, en particular na UDIAF do Deza (4,69 coordinacións por caso).
- Durante 2014, continuamos a implementación e análise dos datos conforme a Organización Diagnóstica para Atención Temperá (ODAT) con obxecto de obter datos máis precisos da tipoloxía real da demanda e comprobar o seu axuste á poboación diana. Os resultados 2009-2013 dibuxan un panorama no que máis de 1 de cada 3 niños atendidos presentan problemas da comunicación e da linguaxe, 1 de cada 4 problemas de regulación e comportamento e 1 de cada 5 problemas afectivos. Una realidade que parecería apuntar á creciente importancia dos factores contextuais na xénese dos problemas evolutivos dos

nenos que hoxe frecuentan as unidades de Atención Temperá. E que indica tamén un probable sobrediagnóstico dos trastornos do espectro autista no ámbito sanitario. Para 2015 desaparecerá a categorización xenérica por tipo de problema que será substituída pola categorización da demanda dende a perspectiva das familias o que nos permitirá achegarnos mellor á tipoloxía e a as raíces dos problemas evolutivos.

## **PROCESOS**

- A elaboración e publicación do Protocolo de Coordinación, Intervención e Derivación, derivado do Decreto 183/2013 polo que se crea a Rede Galega de Atención Temperá, introduce cambios significativos nas diferentes fases do proceso de detección, derivación e intervención que afectarán á demanda, as actuacións e os rexistros das UDIAF.
- No tocante ao orixe da demanda, que pasa a ser exclusiva vía pediatría hai que ter en conta que no ano 2014 a demanda por vía sanitaria no Salnés estaba no 33% e no Deza no 45%. Cabe prever, polo tanto unha caída temporal desa demanda a partir da súa entrada en vigor.
- O antedito Protocolo introduce novas demandas informativas tanto externas como internas (PPI, revisións ordinarios e de transición, etc.) o que requerirá a modificación dos sistemas de rexistro e a asignación de máis tempo para cumprimentar os procesos de avaliación, información e alta nos servizos. Tendencialmente semella pouco probable que poidamos simultanear os procedementos de apoio personalizado ás familias coa promoción, preparación e dirección dos grupos de autoaxuda. Especialmente se temos en conta tamén o crecente papel de referencia que están a adquirir os profesionais das UDIAF como elementos de vertebración e continuidade dos procesos de atención aos nenos con trastornos do desenvolvemento nas súas respectivas áreas de actuación. Esta situación, da que xa dábamos conta no ano 2013, continúa a darse polo incremento de mobilidade do persoal educativo e sanitario nos recursos de atención primaria.

## **ESTRUTURAS**

- Tal e como xa reflectimos na avaliación 2013 para manter o nivel de actividade das UDIAF dun xeito sostible sería necesario poder ampliar á tempo completo aos profesionais –logopedas – que hoxe traballan a tempo parcial. Unha ampliación tanto máis necesaria canto que a demanda inclúe ao redor dun 40% de casos relacionados coa comunicación e a fala.

## INDICE DE TÁBOAS

<b>Táboa 1</b>	Nacementos no Deza 2005-2012 . . . . .	7
<b>Táboa 2</b>	Nacementos no Salnés 2005-2012 . . . . .	8
<b>Táboa 3</b>	Nacementos en Bergantiños 2007-2012 . . . . .	9
<b>Táboa 4</b>	Memoria actividades O Deza. Prestacións individuais por meses . . . .	15
<b>Táboa 5</b>	Memoria actividades O Salnés. Prestacións individuais por meses . . . .	16
<b>Táboa 6</b>	Memoria actividades Bergantiños. Prestacións individuais por meses . .	17
<b>Táboa 7</b>	Memoria actividades O Deza. Prestacións individuais por casos . . . .	18
<b>Táboa 8</b>	Memoria actividades O Deza. Prestacións individuais por casos . . . .	19
<b>Táboa 9</b>	Memoria actividades O Deza. Prestacións individuais por casos . . . .	20
<b>Táboa 10</b>	Memoria actividades O Deza. Prestacións individuais por casos . . . .	21
<b>Táboa 11</b>	Memoria actividades O Deza. Prestacións individuais por casos . . . .	22
<b>Táboa 12</b>	Memoria actividades O Salnés. Prestacións individuais por casos . . . .	23
<b>Táboa 13</b>	Memoria actividades O Salnés. Prestacións individuais por casos . . . .	24
<b>Táboa 14</b>	Memoria actividades O Salnés. Prestacións individuais por casos . . . .	25
<b>Táboa 15</b>	Memoria actividades O Salnés. Prestacións individuais por casos . . . .	26
<b>Táboa 16</b>	Memoria actividades O Salnés. Prestacións individuais por casos . . . .	27
<b>Táboa 17</b>	Memoria actividades O Salnés. Prestacións individuais por casos . . . .	28
<b>Táboa 18</b>	Memoria actividades Bergantiños. Prestacións individuais por casos . .	29
<b>Táboa 19</b>	Indicador: Nº de familias atendidas . . . . .	31
<b>Táboa 20</b>	Indicador: Porcentaxe de poboación 0-6 atendida . . . . .	31
<b>Táboa 21</b>	Idade de acceso das novas solicitudes 2014 . . . . .	31
<b>Táboa 22</b>	Indicador: Sexo (M, V). . . . .	32
<b>Táboa 23</b>	Indicador: Demanda por Concello – Comarca do Deza . . . . .	32
<b>Táboa 24</b>	Indicador: Demanda por Concello – Comarca do Salnés . . . . .	33
<b>Táboa 25</b>	Indicador: Orixe da demanda . . . . .	33
<b>Táboa 26</b>	Indicador: Demanda por tipoloxía do problema . . . . .	34
<b>Táboa 27</b>	Indicador: Educación pai . . . . .	35
<b>Táboa 28</b>	Indicador: Educación nai . . . . .	35
<b>Táboa 29</b>	Indicador : Emprego pai . . . . .	36
<b>Táboa 30</b>	Indicador: Emprego nai . . . . .	36
<b>Táboa 31</b>	Indicador: Nº de consultas de acollida . . . . .	37
<b>Táboa 32</b>	Indicador: Medias Sesión diagnóstico . . . . .	38
<b>Táboa 33</b>	Indicador: Nº de sesión de apoio/casos con s.apoio . . . . .	39



<b>Táboa 34</b> Indicador: Nº de sesión de apoio/total casos . . . . .	39
<b>Táboa 35</b> Táboa de continxencia tramos de sesións de apoio * ano consulta . . .	39
<b>Táboa 36</b> Indicador: sesións de orientación . . . . .	40
<b>Táboa 37</b> Indicador: Medias de sesións de coordinación . . . . .	40
<b>Táboa 38</b> Indicador: Motivos de alta/casos totais . . . . .	41
<b>Táboa 39</b> Indicador: Motivos de alta/casos de alta. . . . .	41
<b>Táboa 40</b> Prestacións comunitarias e calidade do Deza . . . . .	42
<b>Táboa 41</b> Prestacións comunitarias e calidade do Salnés . . . . .	42
<b>Táboa 42</b> Indicador: Lista de espera . . . . .	45
<b>Táboa 43</b> Satisfacción das familias O Deza. . . . .	49
<b>Táboa 44</b> Satisfacción das familias O Salnés . . . . .	52
<b>Táboa 45</b> Trastornos no desenvolvemento motor . . . . .	55
<b>Táboa 46</b> Trastornos no desenvolvemento visual . . . . .	55
<b>Táboa 47</b> Trastornos no desenvolvemento auditivo . . . . .	55
<b>Táboa 48</b> Trastornos no desenvolvemento psicomotor . . . . .	56
<b>Táboa 49</b> Trastornos por retraso evolutivo. . . . .	56
<b>Táboa 50</b> Trastornos por retraso mental . . . . .	56
<b>Táboa 51</b> Trastornos da comunicación e a linguaxe . . . . .	56
<b>Táboa 52</b> Trastornos psicossomáticos. . . . .	56
<b>Táboa 53</b> Trastornos afectivos . . . . .	56
<b>Táboa 54</b> Trastornos da regulación e o comportamento. . . . .	58
<b>Táboa 55</b> Trastornos do espectro autista . . . . .	58
<b>Táboa 56</b> Trastornos da interacción . . . . .	58
<b>Táboa 57</b> Tendencias nas relacións . . . . .	59
<b>Táboa 58</b> Trastornos do entorno - exclusión social . . . . .	59

## **INDICE DE GRAFICOS**

<b>Gráfico 1</b> Localización Deza . . . . .	10
<b>Gráfico 2</b> Localización Salnés . . . . .	11
<b>Gráfico 3</b> Localización Bergantiños . . . . .	12
<b>Gráfico 4</b> Perfil das sesións de diagnóstico . . . . .	38
<b>Gráfico 5</b> Satisfacción das familias coa UDIAF do Deza . . . . .	49
<b>Gráfico 6</b> Satisfacción das familias coa UDIAF do Salnés . . . . .	52



asociación galega de atención temperá  
<http://www.atenciontemprana.com>



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE  
TRABALLO E BENESTAR



